

DÚBIDAS NESTE PROCESO DE

TRANSICIÓN

É importante saber que as dúbidas que tes, son dúbidas que compartides todos os alumnos e alumnas neste proceso:

- * Pasades de ser os maiores a ser os pequenos do centro
- * Teredes novos profesores e compañeiras

- * Teredes un profesor para cada materia

Estes aspectos poden facer que nalgúns casos aparezan emocións como: medo, inseguridade, ansiedade, nerviosismo.

Debedes pensar e reflexionar sobre o importante que é que identifiquedes estas emocións e faledes sobre elas; coas vosas familias, cos vosos amigos e amigas (que están a vivir o mesmo ca ti), cos teus Mestres e coa orientadora do centro.

"Todo COMEZA A ser un pouco diferente UNHA VEZ que se dí en VOZ ALTA" (HERMANN HESSE)




NOVAS AMIZADES

Unha das principais preocupacións son a perda de amizade e a formación de novos grupos de amigos.

É importante non pecharse á posibilidade de coñecer a novos compañeiros. Todos compartides a mesma situación; un novo centro. Eles tampouco coñecen a todo o mundo, polo que aínda que o dubides tes en común moitas cousas cos novos compañeiros.

Animáte e conversa!!!!



Departamento Orientación

CEIP PLURILINGÜE DE
GUILLAREI

TRÁNSITO DE PRIMARIA A SECUNDARIA



QUE É A ESO?

Chámase Educación Secundaria Obligatoria.

É Secundaria porque ven despois de Primaria.

É obrigatoria porque deben cursala todos os alumnos e alumnas dende os 12 ata os 16 anos.

Ten unha duración de 4 anos.


Tes dereito a permanecer ata ós 18 anos.

Cada curso da ESO pode ser repetido unha única vez.

Excepcionalmente poderase repetir dúas veces en 4º da ESO, sempre e cando non se repetira en cursos anteriores

Recomendacións para afrontar E.S.O.

- ⇒ Ter un lugar fixo para estudar, sen ruídos e co material preciso.
- ⇒ Planificación do estudo: empregando unha axenda como ferramenta de traballo.
- ⇒ Nesta etapa estudar é moito máis que facer os deberes, debes ter unha rutina de estudo diaria.
- ⇒ É importante facer esquemas e resumos que xa comezaches a practicar en primaria



Ao longo do curso terás **tres avaliacións**, como ata agora un por trimestre.

Terás ademais **exames extraordinarios** en setembro, cando non superes a avaliación final de xuño

Como son as notas na E.S.O.:

- SOBRESAÍNTE: 9,10
- NOTABLE: 7, 8
- BEN: 6
- SUFICIENTE: 5
- INSUFICIENTE: 1,2,3,4